

A singradura de Urbano Lugrís

LITERATURA ▶ A editorial Alvarellos presenta hoxe na Feira do Libro da Coruña 'Balada de los mares del norte', un volume de máis de 300 páxinas que acolle a obra literaria do artista plástico coruñés ▶ Poemas, contos e ensaios concorren neste xoa bibliográfica, ilustrada cos deseños do autor


REDACCIÓN • SANTIAGO

Tiveron que pasar 35 anos desde a súa morte e cen desde o seu nacemento para que a extraordinaria obra escrita do pintor Urbano Lugrís (A Coruña, 1908-Vigo, 1973) vexa por fin a luz en libro. Este volume, que hoxe ás 13 horas se presentará na Feira do Libro da Coruña, culmina unha vella aspiración do artista, desexo confesado publicamente a comezos dos anos 60.

Balada de los mares del norte recolle máis de 300 páxinas de textos, moitos deles moi descoñecidos e algún inédito do autor, ata un total de 62 escritos. Poemas, contos e ensaios publicados entre 1942 e 1973 en revistas como *Vida Gallega* o *Atlántida*, xornais como *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* ou outras publicacións dispersas; tamén, escritos ou ilustracións cos que adoitaba agasallar a amigos ou coñecidos, algúns deles ven hoxe a luz por primeira vez. Inclúese ademais medio centenar de ilustracións de Lugrís (xunto a varios manuscritos inéditos), e a reprodución en cor de todas as cubertas orixinais elaboradas para a revista *Vida Gallega* nos anos 50.

Poeta, narrador, ensaísta

Balada de los mares del norte descobre o poeta barroco, o narrador de ficción pleno de referencias cultas e tamén a un orixinal ensaísta. Como poeta, Lugrís desenvolve unha temática mariña en conexión co mellor da súa pintura, con influencias de Manuel Antonio, Pablo Neruda ou



Caricatura de Lugrís de 1956, recollida no libro de Alvarellos Editora

Eduardo Pondal, como afirma no estudo introdutorio a doutora en Teoría da Literatura da Universidade da Coruña Olivia Rodríguez, responsable ademais desta edición anotada e dos apéndices (así, hai poemas dedicados a Isaac Díaz Pardo ou a Pablo Picasso, *Tres sonetos de las islas Cies* ou a súa *Loubarza de Betanzos*).

Como autor de relatos, Urbano Lugrís é un escritor culturalista que xoga coa intertextualidade con autores como Melville, Stevenson, Lugrís Freire (seu pai), Risco ou Cunqueiro (contos como *El tesoro de las islas Cies*, rescatado das páxinas de *El Pueblo Gallego* onde foi publicado en dúas entregas en 1945; *Liafail*, en *Vida Gallega* en 1958, ou *S.W. en Nadal*, de *Atlántida*, 1954).

Nos ensaios recollidos neste libro, o pintor/escritor ofrece-nos biografías (Murguía, Vicetto, Tetzsmancy, Pondal, Manuel Antonio, Valle-Inclán...), información e efemérides históricas.

Da Coruña a Vigo

Urbano Lugrís González (A Coruña, 1908-Vigo, 1973) foi un dos pintores máis destacados de Galicia e un dos surrealistas españois máis orixinais e inspirados. Fillo de Manuel Lugrís Freire (e pai do pintor Urbano Lugrís Vadillo), a súa obra pictórica está consagrada ao mar e con esta temática deixou lenzos insuperables. Paralelamente á súa creación plástica cultivouse como escritor, faceta iniciada xa nos anos corenta e prolongada ata o final dos seus días.

UNHA VOZ ÚNICA

Escritos que se perderan ou esqueceran

Lugrís escribía como pintaba, e esa fusión tan singular de lenzo e prosa deu como resultado feliz unha voz única, un autor co que as culturas galega e española estaban en débeda. Olivia Rodríguez afirma que "a achega de Lugrís á cultura galega ten un valor aínda non calibrado totalmente na súa xusta medida. A súa obra sobrevive grazas a súa impresionante beleza e sentido mítico".

O editor, Henrique Alvarellos, destaca "o rigoroso traballo de investigación e de tratamento dos textos de Lugrís desenvolvido pola profesora Olivia Rodríguez, quen rescatau dúzias de escritos esquecidos ou perdidos do pintor cun resultado realmente brillante e definitivo para a recuperación presente e futura da obra deste home".

Coincidindo co centenario do nacemento de Urbano Lugrís, Alvarellos Editora acaba por á venda (en librerías ou on line, en www.alvarellos.info) esta *Balada de los mares del norte*, un novo volume -o noveno xa- para a súa Colección Rescate ■